



Plan de Trabajo Ano 2010
Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Contido

1. O PLAN ANUAL DO OSIMGA PARA 2010.....	4
2. OBSERVACIÓNS PLANIFICADAS DE CARÁCTER XERAL.....	6
2.1 A Sociedade da Información na poboación de Galicia	6
2.2 A Sociedade da Información nas empresas de Galicia con 10 e máis empregados/as	7
2.3 A Sociedade da Información nas empresas de Galicia con menos de 10 empregados/as	8
2.4 A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia	9
2.5 A eAdministración na Xunta de Galicia	10
2.6 A eAdministración nos Concellos de Galicia	11
3. OBSERVACIÓNS PLANIFICADAS DE CARÁCTER TEMÁTICO.....	13
3.1 A Demanda de formación TIC en empresas TIC	13
3.2 Perfil dos usuarios da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica de Galicia	13
3.3 Usos dos servizos electrónicos en xestorías e asesorías	14
3.4 Informes sobre a situación do software libre nas entidades galegas.	14
3.5 Estudos sobre a evolución dos indicadores de banda larga na poboación e nas empresas de Galicia	15
4. PROXECTOS NO MARCO DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2007-2011.....	17
4.1 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia	17
4.2 Estatística da administración electrónica na Administración autonómica e nos concellos galegos	18
4.3 Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia	18
5. SERVIZO DE INFORMACIÓN.....	20
5.1 Servizo de xestión e información	20
5.2 A web do OSIMGA	20
6. COLABORACIÓNS.....	23
6.1 Observatorios en Red	23
6.2 Observatorio da Administración Electrónica das CCAA	23
6.3 Colaboración coa FEGAMP	24
6.4 Cesión de datos facilitados polo IGE	24

I. Introducción

1. O Plan Anual do OSIMGA para 2010

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, configúrase como órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a modernización administrativa e a administración electrónica nas administracións públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións públicas nestas materias, contribuíndo á promoción e extensión da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.

O presente informe ten como obxectivo presentar o Plan de traballo anual do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, ofrecendo información detallada sobre as tarefas que van configurar o programa de traballo do Observatorio ao longo do ano 2010, co obxectivo xeral de desenvolver as funcións que ten encomendadas no [Decreto 21/2010 do 4 de febreiro de 2010](#).

Este programa de actividades anual comprende os traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información e Galicia.

A primeira parte deste informe presenta dun xeito sistemático todas as observacións propias do OSIMGA, expoñendo os obxectivos, os aspectos metodolóxicos e os contidos das investigacións xerais e temáticas planificadas para o ano 2010.

A continuación, descríbense os proxectos e actividades do Observatorio no marco do Plan Galego de Estatística 2007-2011, entre as que destaca o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O capítulo quinto recolle as actividades do OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada, destacando, como principal instrumento de difusión a web do OSIMGA.

Por último, no sexto capítulo, abórdanse as colaboracións do OSIMGA con outros observatorios, organismos ou entidades para promover o intercambio de experiencias e información entre as distintas administracións.

II. Observacións de carácter xeral

2. Observacións planificadas de carácter xeral

O Decreto 21/2010 atribúe ao Observatorio entre as súas funcións as de desenvolver ou promover estudos e análises de datos que permitan coñecer o nivel de desenvolvemento, a tendencia e posibles problemáticas que poden afectar á extensión da Sociedade da Información en Galicia e a aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas. O OSIMGA elabora informes de situación, de evolución e análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos, contribuíndo á definición estratéxica das políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.

Para o ano 2010 está prevista a posta en marcha por parte do OSIMGA das enquisas de carácter xeral sobre a evolución do equipamento e uso das TIC nos seguintes ámbitos de observación:

2.1 A Sociedade da Información na poboación de Galicia

Obxectivo

Este estudo analizará o equipamento e utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación por parte da cidadanía, avaliando a evolución da penetración das TIC na sociedade galega e o posicionamento con respecto ao seu contorno.

Conforme ás funcións do OSIMGA, esta enquisa permitirá avaliar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía, con especial atención aos colectivos en risco de exclusión, promovendo liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia en condicións de igualdade efectiva.

Aspectos metodolóxicos

Para a realización desta enquisa, en cada vivenda seleccionárase unha persoa de entre 16 e 74 anos que ofrecerá información sobre as súas actividades relacionadas co uso e equipamento TIC do fogar.

A enquisa aportará datos desagregados por: subconxuntos de idade, sexo, hábitat, número de membros do fogar, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

As enquisas á poboación realizaranse de xeito presencial, no domicilio da persoa enquisada.

Contido da investigación

Este estudo proporcionará información sobre o equipamento dos fogares galegos (dispoñibilidade de ordenador, de conexión a Internet e outros equipamentos electrónicos), usos tecnolóxicos por parte da poboación galega (utilización do ordenador e Internet, uso do comercio electrónico), a realización de actividades formativas relacionadas cos servizos da sociedade da información, e a propia percepción que a cidadanía ten do seu grao de capacitación para o manexo das TIC, etc.

Os indicadores analizados neste proxecto permitirán establecer unha comparativa cos estudos dos principais organismos estatísticos estatais e europeos (INE, Eurostat), ofrecendo información sobre o grao de avance e converxencia de Galicia co seu contorno no ámbito das novas tecnoloxías. Estas enquisas complementan as realizadas polo INE, ampliando indicadores e permitindo novas desagregacións de datos que ofrecen información estratéxica para comprender as causas da fenda dixital en Galicia e realizar un seguemento sobre a evolución das penetración das TIC nos colectivos en risco de exclusión.

2.2 A Sociedade da Información nas empresas de Galicia con 10 e máis empregados/as

Obxectivo

Esta enquisa ten como principal obxectivo analizar a implantación e o uso das TIC e do comercio electrónico no segmento das medianas e grandes empresas de Galicia.

Esta ampla actividade prospectiva que se realizará entre as empresas de 10 e máis empregados/as de Galicia, permitirá obter unha diagnose sobre o equipamento TIC, os servizos empregados polas empresas a través Internet, o uso do comercio electrónico e a dispoñibilidade de persoal con formación en TIC.

Aspectos metodolóxicos

As enquisas realizadas neste segmento empresarial atenderán a un deseño mostral que permita a observación diferenciada por número de empregados/as, provincias e grupos de CNAE.

Ademais, as enquisas realizadas no estrato “Empresas de 10 a 249 empregados/as” incluírán un módulo sobre a situación do software libre nestas entidades.

As enquisas ás empresas de 10 e máis empregados/as basearanse na remisión postal do cuestionario correspondente. Os procedementos a utilizar para a recepción do cuestionario serán: correo postal, fax e correo electrónico.

Contido da investigación

Esta enquisa pretende obter unha fotografía da situación actual de Galicia no escenario da Sociedade da Información, desde a perspectiva do equipamento e utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación por parte do tecido empresarial galego.

A enquisa analizará o equipamento tecnolóxico e os servizos relacionados coa Sociedade da Información, intercambio automatizado de datos, os usos empresariais en materia de comercio electrónico, os sistemas TIC para compartir información electronicamente con provedores e clientes, uso do software libre, actividades formativas relacionadas coas TIC e mais a contratación de persoal especialista en TIC e o nivel de investimento neste eido.

Esta enquisa complementa a realizada polo INE ampliando información especialmente no referido á conectividade a Internet a través de banda larga e ao comercio electrónico nas empresas de Galicia.

2.3 A Sociedade da Información nas empresas de Galicia con menos de 10 empregados/as

Obxectivo

Esta enquisa ten como principal obxectivo analizar a implantación e o uso das TIC e do comercio electrónico no segmento das pequenas empresas de Galicia, con especial atención aos autónomos.

Este estudo avaliará de forma detallada as carencias de equipamento TIC e as dificultades que presentan as microempresas galegas para incorporarse á Sociedade da Información.

Aspectos metodolóxicos

As enquisas realizadas neste segmento empresarial atenderán a un deseño mostral que permita a observación diferenciada por condición xurídica da empresa, número de empregados/as, provincias e grupos de CNAE.

As enquisas ás empresas de menos de 10 empregados/as basearanse na remisión postal do cuestionario correspondente. Os procedementos a utilizar para a recepción do cuestionario serán: correo postal, fax, e correo electrónico.

Contido da investigación

As principais variables estudadas refírense á dispoñibilidade de infraestrutura informática e de telecomunicacións e á utilización de servizos de información e comunicación e comercio electrónico por parte das microempresas galegas.

Como no caso das anteriores enquisas, esta operación amplía e complementa a información estatística do INE e IGE.

2.4 A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia

Obxectivo

Este estudo ten como principal obxectivo caracterizar o sector empresarial das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, presentando resultados de demografía empresarial e emprego nas empresas TIC así como indicadores relativos á innovación, intercambio automatizado de información e comercio electrónico.

Aspectos metodolóxicos

A efectos estatísticos, a definición de sector TIC realízase mediante unha enumeración exhaustiva das ramas de actividade correspondentes ás empresas TIC (enfoque por sectores). Para determinar a lista de actividades, partiuse dos traballos metodolóxicos levados a cabo polos principais organismos internacionais, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e a Oficina europea de estatística (Eurostat) co fin de definir os conceptos e harmonizar a metodoloxía.

A clasificación de actividades do sector TIC basearase na nova clasificación ISIC Rev. 4 e a súa equivalente europea NACE Rev. 2, que en España concretouse na CNAE-2009. O listado exhaustivo de actividades TIC en función da CNAE 2009 comprende as seguintes epígrafes:

- Industrias manufactureiras TIC: 26.11, 26.12, 26.20, 26.30, 26.40 e 26.80
- Industrias Comerciais TIC: 46.51 e 46.52
- Industrias de Servizos TIC:
 - ◆ Actividades de publicación TIC: 58.21e 58.29
 - ◆ Telecomunicacións: 61.10, 61.20, 61.30 e 61.90
 - ◆ Actividades da Tecnoloxía da Información e do Servizo Informativo: 62.01, 62.02, 62.03 e 62.09
 - ◆ Portais web, procesamento de datos, aloxamento e actividades conexas: 63.11 e 63.12
 - ◆ Reparación de ordenadores e equipos comunicacionais: 95.11 e 95.12

As unidades obxecto de investigación son todas as empresas con establecementos en Galicia, cuxa actividade principal corresponda aos epígrafes CNAE anteriormente definidos para o Sector TIC. O deseño da enquisa permitirá unha observación diferenciada por número de empregados/as, provincias e grupos de CNAE.

As enquisas ás empresas TIC basearanse na remisión postal do cuestionario correspondente. Os procedementos a utilizar para a recepción do cuestionario serán: correo postal, fax, correo electrónico ou a través da aplicación web habilitada a tal efecto.

Contido da investigación

Este estudo debe proporcionar información sobre o número de empresas, cifras de negocio e persoal empregado no sector asociado á Sociedade da Información. Ademais, analizarase o equipamento e servizos especializados das empresas TIC en materia tecnolóxica, o seu grao de innovación, o uso do comercio electrónico, actividades formativas relacionadas coas tecnoloxías ou servizos da Sociedade de Información, así como a percepción estratéxica do sector e as perspectivas de mercado.

2.5 A eAdministración na Xunta de Galicia

Obxectivo

Este estudo ten por obxecto coñecer a implantación e evolución da administración electrónica na Xunta de Galicia. Esta enquisa avaliará o nivel de interacción dos servizos e trámites proporcionados pola Administración Autonómica aos cidadáns e as empresas.

A entrada en vigor da Lei 11/2007 de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos do 22 de xuño, obrigou a todas as Administracións Públicas a realizar un importante esforzo por modernizarse e introducir as TIC en todos os ámbitos, para deste xeito garantir os dereitos dos cidadáns a relacionarse coa administración a través dos medios electrónicos. Esta enquisa permitirá avaliar a posta en marcha e o grao de cumprimento dos servizos que recolle a citada Lei.

Aspectos metodolóxicos

As unidades obxecto de estudo son as Consellerías da Xunta de Galicia. Cada Consellería subministra información dos servizos centrais e dos seus centros dependentes. Os resultados desta enquisa son remitidos ao Observatorio de Administración Electrónica (OAE), dependente do Ministerio de Presidencia, para a elaboración do informe anual “A Administración electrónicas nas Comunidades Autónomas”

Contido da investigación

Esta estatística proporciona información sobre a administración electrónica da Xunta (disponibilidade de infraestruturas, orzamento, políticas, actividades de organización e xestión do coñecemento), sobre o goberno electrónico e a prestación de servizos públicos a través das TIC e sobre os mecanismos da democracia electrónica que permiten a participación da cidadanía na toma de decisións.

2.6 A eAdministración nos Concellos de Galicia

Obxectivo

Este estudo ten por obxecto coñecer o grao de implantación e a evolución da administración electrónica nos concellos de Galicia, detectando as carencias en equipamento e servizos TIC e permitindo unha axeitada toma de decisións para iniciar os procedementos de mellora necesarios nestas entidades.

Aspectos metodolóxicos

As unidades obxecto de estudo desta enquisa son todos os concellos de Galicia. A explotación dos resultados levarase a cabo para os seguintes grupos: por tamaño de concellos (menos de 5000 habitantes, de 5.000 a 9.999 habitantes, de 10.000 a 49.999 habitantes, 50.000 e máis habitantes); por provincia; e para o total de Galicia.

Esta enquisa inclúe un módulo sobre o uso do software libre nos concellos de Galicia así como indicadores relativos á dispoñibilidade de banda larga.

Contido da investigación

Este estudo proporcionará información sobre a dispoñibilidade de infraestruturas, sistemas TIC e conexión a Internet nos concellos de Galicia. Tamén se obterán datos sobre o nivel de implantación do software libre e propietario nos ordenadores de usuario e servidores, a prestación de servizos públicos relacionados coa eAdministración e as canles de comunicación para facilitar a participación dos cidadáns a través de medios electrónicos.

III. Observacións temáticas

3. Observacións planificadas de carácter temático

O OSIMGA tamén conta entre as súas funcións as de promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica. Estas observacións temáticas teñen o obxectivo de avaliar un ámbito específico e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.

Os estudos monográficos do Observatorio elaboraranse a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico do Observatorio, ou ben, a partir de novas enquisas ou análises cualitativas dun sector ou tema de interese relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación.

Para o ano 2010 está prevista a posta en marcha por parte do OSIMGA dos seguintes estudos e observacións temáticas:

3.1 A Demanda de formación TIC en empresas TIC

Obxectivo

Este estudo ten por obxecto coñecer a capacidade das empresas do sector galego da Sociedade da Información para impartir formación relacionada coas TIC, o emprego do *elearning* e a demanda e interese de formación en novas tecnoloxías deste sector empresarial.

Aspectos metodolóxicos

Para a realización deste estudo empregaranse os datos procedentes da enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información de Galicia realizada polo OSIMGA e complementarase con datos solicitados ao Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG).

3.2 Perfil dos usuarios da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica de Galicia

Obxectivo

Este estudo ten por obxecto analizar o perfil dos usuarios da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica de Galicia (Rede CeMIT), avaliando o uso das

aulas e a asistencia a obradoiros segundo as principais variables sociodemográficas (sexo, idade, nivel de estudos,...).

Aspectos metodolóxicos

Para a realización deste estudo, analizaranse os datos estatísticos facilitados pola Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica.

3.3 Usos dos servizos electrónicos en xestorías e asesorías

Obxectivo

Este estudo ten por obxecto coñecer o uso dos servizos electrónicos e a utilización dos procedementos electrónicos na súa relación coa Administración por parte do sector das xestorías e as asesorías de Galicia.

Aspectos metodolóxicos

A elaboración deste estudo requirirá a realización dunha enquisa específica entre as xestorías e asesorías de Galicia.

3.4 Informes sobre a situación do software libre nas entidades galegas.

Obxectivo

Este estudo ten por obxecto coñecer o uso e a implantación do software libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia, analizando de xeito pormenorizado a situación nas empresas galegas de 10 e máis empregados/as, nas empresas informáticas e nos concellos de Galicia.

Aspectos metodolóxicos

Os resultados que se inclúan nesta publicación obteranse a partir de operacións estatísticas xa existentes mediante a incorporación dun módulo específico sobre a implantación e uso do software libre. En concreto, os datos procederán das seguintes enquisas:

- Enquisa ás Empresas de 10 e máis empregados/as sobre a Sociedade da Información de Galicia
- Enquisa ás Empresas TIC sobre a Sociedade da Información de Galicia.
- Enquisa sobre Administración electrónica nos Concellos de Galicia.

3.5 Estudos sobre a evolución dos indicadores de banda larga na poboación e nas empresas de Galicia

Obxectivo

Este estudo ten por obxecto coñecer e difundir a evolución dos principais indicadores de banda larga na poboación, nas empresas e nos concellos de Galicia. Os indicadores referiranse, principalmente, á dispoñibilidade de banda larga, calidade da banda larga contratada, barreiras que dificulten o acceso a Internet e servizos que motivarían o uso da Rede.

Aspectos metodolóxicos

Os resultados que se inclúan nesta publicación obteranse a partir de operacións estatísticas xa existentes mediante a inclusión dun módulo específico.

IV. Proxectos no marco do Plan Galego de Estatística 2007-2011

4. Proxectos no marco do Plan Galego de Estatística 2007-2011

No marco do terceiro Plan Galego de Estatística, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, a través do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, é a responsable da realización das seguintes operacións e actividades estatísticas:

4.1 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia

O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia é un conxunto de indicadores estatísticos que permite monitorizar, dun xeito sintético, rigoroso e transparente, a evolución da Sociedade da Información en Galicia, ofrecendo unha visión de conxunto da situación e do seu grao de avance.

Este sistema de indicadores persegue, ademais, a comparabilidade da situación de Galicia co seu contorno, aportando información de valor a través da análise dos diferentes ritmos de evolución.

Tomando como referencia as recomendacións establecidas no código de boas prácticas das Estatísticas Europeas, os indicadores da Sociedade da Información de Galicia son seleccionados de acordo cos seguintes criterios:

- Relevantes e pertinentes para o coñecemento da situación da Sociedade da Información en Galicia.
- Precisión e fiabilidade das fontes de información, de xeito, que os datos estean dispoñibles en fontes oficiais ou noutros organismos, institucións, asociacións, etc., cuxo prestixio estea recoñecido publicamente.
- Actualización regular conforme á súa periodicidade.
- Accesibilidade e de sinxela interpretación

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia elaborou un proxecto técnico para esta operación estatística seguindo as directrices do Instituto Galego de Estatística (IGE).

4.2 Estatística da administración electrónica na Administración autonómica e nos concellos galegos

O obxectivo desta operación estatística é ofrecer información sobre a calidade nos servizos públicos e o uso da administración electrónica nos ámbitos autonómico e local. As características desta enquisa xa foron descritas no capítulo II “Observacións de Carácter Xeral”

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia elaborou un proxecto técnico para esta operación estatística seguindo as directrices do Instituto Galego de Estatística (IGE).

4.3 Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

O OSIMGA figura como instrumento para ofrecer información sobre o desenvolvemento das TIC e a administración electrónica en Galicia no marco do Plan Galego de Estatística 2007-2011

V. Servizo de Información

5. Servizo de Información

O decreto 21/2010 define o OSIMGA coma órgano asesor e coma sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

En cumprimento das funcións específicas, para o ano 2010 está previsto o despregue por parte do OSIMGA dun completo dispositivo de información e vixilancia especializada co obxectivo de xestionar e ofrecer toda a información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

5.1 Servizo de xestión e información

O OSIMGA debe facilitar datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia e para iso, ademais de elaborar e presentar publicamente informes, estandarizará os procedementos para:

- Actualizar un conxunto de indicadores que permitan monitorizar a evolución das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Resolver a demanda de información concreta sobre a Sociedade da Información en Galicia, achegando os datos precisos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.
- Promover a colaboración e cooperación con outros observatorios estatais, autonómicos e europeos para contrastar indicadores, compartir boas prácticas e establecer sinerxias de actuación.
- Xestionar e difundir o seu fondo documental en materia da Sociedade da Información.

5.2 A web do OSIMGA

A web do OSIMGA é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio. Ademais, a través da web, este sistema de información subministra unha selección de noticias de actualidade, eventos, enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa modernización da administración autonómica galega e a Sociedade da Información en Galicia. O portal do OSIMGA tamén permite acceder, dun xeito sinxelo, a unha escolma actualizada dos estudos e informes estatísticos de referencia de ámbito galego, estatal, europeo e internacional.

Esta web xa está operativa e aspira a converterse, ampliando e mellorando os seus contidos, na principal ferramenta de difusión pública do OSIMGA e nunha referencia experta no seu ámbito.

VI. Colaboracións

6. Colaboracións

O OSIMGA conta entre as súas funcións coa de promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades. O Observatorio será ademais o encargado de impulsar a organización de eventos formativos, reunións de expertos ou grupos de traballo.

6.1 Observatorios en Red

O Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (ONTSI), dependente de Red.es, está a desenvolver un proxecto conxunto con outros organismos e institucións autonómicas, dedicadas ao estudo da Sociedade da Información, para elaborar e acordar unha métrica unificada que permita medir de forma fidedigna a implantación da Sociedade da Información en España. Para iso formáronse grupos de traballo temáticos compostos por distintos representantes das CCAA cos que traballará de maneira conxunta.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia forma parte dos grupos de traballo técnico relacionados coa cidadanía, empresas, sector TIC e administración electrónica.

6.2 Observatorio da Administración Electrónica das CCAA

O OSIMGA colabora co grupo de traballo “Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas”, creado no marco do Comité Sectorial de Administración Electrónica, dependente do Ministerio de Presidencia.

Os obxectivos do grupo son:

- Monitorizar o avance da Administración Autonómica cara á Administración electrónica
- Manter unha radiografía permanentemente actualizada sobre o estado das diferentes administracións neste tema
- Lograr un consenso entre as distintas Comunidades en canto a metodoloxía de traballo e indicadores a analizar
- Realizar recomendacións que axuden a acelerar o proceso de modernización e a lograr un equilibrio entre as distintas Comunidades

No grupo participan todas as Comunidades Autónomas e o Ministerio de Presidencia, baixo a coordinación da Generalitat Valenciana a través da Fundación OVSI e do seu Observatorio para a Sociedade da Información, CEVALSI.

6.3 Colaboración coa FEGAMP

O OSIMGA colabora coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e coas catro Deputacións provinciais na recollida de datos na enquisa sobre a Administración electrónica nos Concellos. A vaga anual correspondente a esta enquisa farase de xeito coordinado e coa colaboración activa da FEGAMP e as catro Deputacións provinciais.

6.4 Cesión de datos facilitados polo IGE

O Instituto Galego de Estatística (IGE) proporciona ao Observatorio información estatística relativa ás afiliacións á Seguridade Social do sector TIC, valor engadido xerado polo sector TIC, así como unha explotación dos microdatos facilitados polo INE relativos ao uso TIC e comercio electrónico nas microempresas de Galicia.

